


Repaso

1 Indica cales das seguintes características son comúns a todos os animais invertebrados:

- Teñen ás
- Comen
- Móvense
- Danlles de mamar ás crías
- Reprodúcense
- Teñen pel
- Respiran
- Desprázanse polo chan
- Poñen ovos
- Teñen órganos dos sentidos
- Relaciónanse co medio que os rodea
- Nútrense

2 Di a que grupos pertencen os seguintes animais e sinala as características comúns aos dous grupos e as diferenzas principais entre eles.



3 Clasifica os seguintes animais nos diferentes grupos de invertebrados:

- | | |
|------------------|----------------|
| • Caracol | • Lesma |
| • Medusa | • Mexillón |
| • Bolboreta | • Esponxa |
| • Araña | • Polbo |
| • Estrela de mar | • Escolopendra |
| • Miñoca | |

4 Indica cales dos seguintes conxuntos de animais pertencen ao mesmo grupo de invertebrados, e cales están formados por animais de grupos diferentes:

- Choco, polbo e lura
- Cempés, miñoca e lesma
- Esponxa, pólipo e medusa
- Cangrexo, araña e escaravello
- Bolboreta, mosca e abella


5 Copia e escribe, xunto ao nome dos seguintes animais, as palabras «con cabeza» ou «sen cabeza».

- | | |
|---------------|-----------------|
| • Caracol | • Mexillón |
| • Pólipo | • Cangrexo |
| • Escaravello | • Escorpión |
| • Bolboreta | • Ourizo de mar |
| • Esponxa | • Sambahuga |

6 Na lista de animais da cuestión anterior, escribe agora «con patas» ou «sen patas» segundo corresponda.

7 Escribe o nome de todos os animais das cuestións 5 e 6 que indicases «con cabeza» e «con patas» e indica se pertencen todos ao mesmo grupo de invertebrados e cal é ese grupo.

8 Identifica os seguintes animais, indica a que grupo pertence cada un e sinala as súas partes.



9 Indica cales dos seguintes invertebrados poden considerarse beneficiosos para os ecosistemas ou para o ser humano e explica por que.

- | | |
|-------------------|--------------------------|
| • Miñocas | • Caracois terrestres |
| • Estrelas de mar | • Escaravellos bosteiros |
| • Abellas | • Vermes da seda |
| • Formigas | • Saltóns |
| • Arañas | • Cangrexos |

10 Indica cales dos seguintes invertebrados son parasitos prexudiciais para as persoas.

- | | |
|-------------|-------------|
| • Avespa | • Mexillón |
| • Mosquito | • Pulga |
| • Triquina | • Carracha |
| • Caracol | • Escorpión |
| • Sambahuga | • Medusa |